LFK

FERROL NAS LETRAS GALEGAS

FERROL NAS LETRAS GALEGAS

TEXTOS:
HENRIQUE DACOSTA

FONDO DOCUMENTAL E GRÁFICO:
Extraído do libro *Ferrol na historia da Literatura Galega*, de Henrique Dacosta (Edicións Embora, 2007)

SILUETA DE CARVALHO CALERO:
ELGA FERNÁNDEZ LAMAS

ARTES FINAIS:
JOSE FARINÓS / EDICIÓNS EMBORA

MONTAXE:
HMY

PRODUCIÓN:
ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

RRSS / CONTACTO

981 355 353
info@edicionsembora.es
edicions-embora
@edicionsembora

“Solo pedimos moito amor para a terra onde nacimos”

Fragmento de *Mal de moitos*, 1915

Euxenio Charlón (1888- 1933) e Manoel Sánchez Hermida (1888-1940)

FERROL | XUNTA DE GALICIA | Xacobeo 2027

FERROL NAS LETRAS GALEGAS

“Ningún está perdida nesa hora
cando o vento sopla
e hai unha lúa vertical, noviña,
que envolve de misterio os perfís.

Memoria,
emisaria do mar,
que nos mantén un cheiro de recordo:
Algo de nós,
pureza de altos días
mentras camiño pola vasta area
e penso no amor
que sempre se comenza nunha praia.”

Fragmento do poema *Ferrol. Épica e poesía.*

Xohana Torres (1931-2017)
Dramaturga e escritora

FERROL, UNHA RARA SIMBIOSE

FERROL NAS LETRAS GALEGAS



Vista de Ferrol dende a Graña. Principios do século XX.

Esta exposición é máis unha achega bio-bibliográfica que de historia da literatura ferrolá de expresión galega. É preciso que se explique que non restrinximos esta literatura unicamente ao ámbito municipal de Ferrol, senón ao territorial que xa demos en normalizar nomeando de modo xenérico como Ferrolterra (incluíndo Eume e Ortegal). A sistematización de períodos e autores está axustada ás características que nos son propias, dada a condición anómala da nosa literatura durante etapas importantes da nosa historia.

Ferrol cidade é esa estraña simbiose, amálgama de elementos dispares e até contraditorios, resultado do nacemento da cidade exnovo no século XVIII. Armada e estaleiros, comerciantes emuladores dos costumes e privilexios sociais dos que cren son modelos a imitar, operarios, altas graduacións militares transvasadas de dentro para fóra, burguesía practicamente inexistente, desertores do campo á busca de aconchego na pequena urbe, persoas con clase e persoas desclasadas, imitadores e imitados... estes son os nutrientes da condición ferrolá.

Ferrol foi dando á luz en partos desiguais homes e mulleres de letras que hoxe ocupan xa postos de distinto relevo dentro das páxinas da historia da literatura galega. O feito de desenvolver alguén unha obra literaria en galego presupón (e presupuxo) tomar partido pola lingua en inferioridade de condicións e pola literatura que parte en desvantaxe con respecto á outra, un acto de coraxe que significou até hai ben pouco asumir a lingua e a cultura dunha clase social determinada, polo que facerse partícipe dela significaba comungar de cantos defectos e virtudes se lle imputasen a dita clase social.



Capa do libro *Ferroláns*, de Guillermo Llorca, adicado aos ferroláns máis ilustres da historia.

Un número significativo dos nosos literatos, homes ilustrados, pertenceron ao gremio militar e algúns até militaron na causa (proto) galeguista. Na súa condición substituta da burguesía, a sociedade militar foi en ocasións a abandeirada da intelectualidade ferrolá, mentres a burguesía desempeñaba dita función no resto do país. A actitude fronte á creación en lingua galega non sempre será igual. Hai escritores que só de maneira anecdótica ou circunstancial a empregaron, ás veces cun afán costumista. Outros posúen unha visión máis construtiva. E hainos plenamente concienciados, até activistas dentro das opcións políticas de inspiración galeguista.

> Ferrol é, en si mesmo, literatura. Épica e poesía ao mesmo tempo; e, por suposto, unha infinita maxia

Fragmento do poema *Ferrol. Épica e poesía.*

Xosé María Pérez Parallé (1909-1987)
Poeta ferrolán

Rúa Real de Ferrol a principios do século XX

A LITERATURA NO MEDIEVO

Inscrición en pedra a Fernán Esquío
na muralla romana de Lugo

FERROL NAS LETRAS GALEGAS



Durante o reinado de Fernando II e Afonso IX a nobreza galega ten un extraordinario poder na corte, e os monarcas mantéñense moi vencellados a Galiza. O século XII é o do poder da nobreza eclesiástica, co poderoso Arcebispo Xelmírez en Compostela, a expansión da arte románica polo Camiño de Santiago e a disputa da capitalidade espiritual de Occidente. A Reconquista avanza cara ao sur coincidindo co esplendor da nosa lírica medieval.

A lírica das cantigas profanas de amigo, de amor e de escarnio e maldicir, así como as relixiosas, serán cultivadas polos trobadores, xograres e segreis. O trobador Fernán Esquío, talvez nedense, deixounos unha das cantigas de amigo máis deliciosas dos nosos cancioneiros, «Vaiamos, irmãa, vaiamos dormir/ nas ribas do lago, u eu andar vi/ a las aves meu amigo», convite a un episodio de caza de aves onde se simboliza a caza do amor, que non prexudicará ás que escollen cantar.



Alfonso X "O sabio".

O último testemuño da nosa lírica medieval, "En cadea sen prijon" pertence ao *Cancioneiro de Afonso Paez*, que foi escrito en Ferrol no séc. XV. Foi grazas ao estudo e edición de Henrique Monteagudo que se puido dar ao prelo en 2013.

Compóñeno vinte e tres poemas que xorden no medio dese humilde mazo de papeis notariais, nacidos para seren ditos no outono da Idade Media e que obrigan a revisar todo o dito por parte dos estudosos con relación a esta época, máis vizosa do que até agora supuñan.

Sorprende a pouca contaminación castelá que existe neste *Cancioneiro de Afonso Paez*. A maior parte das composicións son cantigas amorosas, mais xa afastadas dos modelos de cantigas de amor galego-portuguesas. Xa non eran poemas para seren cantados, senón que responden máis ao xénero dos "dizeres", isto é, poemas para seren lidos, carentes de música.

> Amor, a ti me ven[h]'ora queixar
> de mia senhor, que te faz enviar
> cada u dórmio sempre m'espertar
> e faz-me de gran coita sofredor.
> Pois m'ela non quer veer nen falar,
> *que me queres, Amor*?
>
> Este queixume te venh'or dizer:
> que me non queiras meu sono tolher
> pola fremosa do bon parecer,
> que de matar ome sempr'á sabor.
> Pois m'ela nen un ben quis[o] fazer,
> *que me queres, Amor*?

Fragmento da cantiga *Amor, a ti me ven[h]'ora queixar*

Fernán Esquio
Trobador de Neda

Mosteiro do Couto (Narón).

Figura que representa a unha xuglaresa. Detalle do retablo mural da Pasión de Juan Oliver (1330)

UNHA LENTA RECUPERACIÓN (O SÉCULO XVIII)

FERROL NAS LETRAS GALEGAS

A chamada decadencia "plena" para a nosa literatura adóitase denominar como "Séculos Escuros" (séculos XVI-XVII). Castela rivaliza con Portugal nestes momentos na súa política expansionista. Falamos do Antigo Réxime. España entrará en guerra contra Inglaterra debido á inxerencia desta nos Países Baixos (sucédense actos de pirataría contra a frota española, así como o asalto do pirata Drake á Coruña), alén da Guerra dos Cen Anos. Galiza sufrirá durante o século XVII saqueos da pirataría turca e berberisca.

Co século XVIII, os Borbóns chegan ao trono. A poboación medra neste período, pero os recursos non o fan ao mesmo ritmo. O proceso migratorio, intrapeninsular e temporal tamén (Castela, Andalucía, Portugal) prodúcese xunto co permanente (Porto, Lisboa, Madrid e América). As tentativas industrializadoras en Galiza vémolas no téxtil e na salga, neste caso asistimos á chegada dos chamados fomentadores cataláns, a renovación das artes de pesca, a transformación da industria previa en conserveira e o traballo asalariado.

O proceso castelanizador dificulta que moitos galegos á hora de ler, entendan os documentos que lles dirixían escritos en castelán. Os capitáns xenerais de Galiza son maiormente foráneos; durante os séculos XVI-XVII só un 2% dos maxistrados son galegos; moitos mosteiros e congregacións relixiosas son colocados baixo dependencia de centros casteláns (S. Benito de Valladolid, os benedictinos; a Congregación de Castilla, os cistercienses); dos bispos das Sés galegas, entre 1500 e 1830, só quince son galegos, e o resto, dun total de cento cincuenta e dous, foráneos; etc.

Busto de Frei Martín Sarmiento

A literatura deste momento moita será de raíz popular, baseada en lendas como a do Mariscal Pedro Pardo de Cela, de temática histórica, como o "Saqueo de Cangas polos turcos", expresións relativas aos cantares de pobo (de romaría, de traballo, de berce, de crego, etc.) ou ben da tradición do Nadal. Algunha outra de tipo culto, aínda que en menor cantidade, serán sonetos renacentistas ("Soneto de Monterrei", "Soneto da Condesa de Altamira") e poemas barrocos ("Exequias da raíña Margarida", "Décimas ao Apóstolo Santiago" e "Composcións das Festas Minervais").

O pensamento ilustrado do século XVIII traerá consigo a promoción social e económica de Galiza, pero tamén da defensa da súa cultura e lingua. O Padre Feixó, pero sobre todo o Padre Sarmiento, serán algúns destes puntais, ao mesmo tempo que o Cura de Fruíme, o Padre Sobreira, Cornide Saavedra ou María Francisca de Isla e Losada. O pulo dado aos traballos de lexicografía será moi relevante neste período.

O *Romance da urca de Santo Antón* –autoría anónima, editado en 2012– é un poema en galego con partes en castelán, que se escribiu en 1777. Nunha accidentada travesía entre A Habana e Ferrol, os tripulantes sofren as inclemencias dunha forte treboada. Ao final dela, xa en terra firme, celébrase unha función relixiosa votiva na igrexa de San Xulián onde se lle agradece á Virxe a intercesión polas súas vidas. Porén, alén de relatar este suceso histórico, o romance acaba sendo unha composición de carácter satírico. Retrátase cun ton informal a sociedade ferrolá da época: tanto o día a día da xente común como os costumes e vicios da xerarquía político-administrativa e eclesiástica.

> "¡Para maldita la cosa se necesita en Galicia la lengua castellana! Le ha bastado por algunos siglos su lengua gallega"
>
> Cita atribuída á súa persoa
>
> **Frei Martín Sarmiento (1695–1772)**
> Erudito e ilustrado galego

Copia dun lienzo que representa a Pedro Pardo de Cela no castelo da Frouxeira.

A LITERATURA DO PRERREXURDIMENTO. OS "PRECURSORES"

FERROL NAS LETRAS GALEGAS



Bieito Vicetto.

A invasión das tropas napoleónicas marcará o inicio do século XIX, co posterior e ignominioso período do reinado de Fernando VII. Entre 1840-1846 Galiza vivirá o seu momento máis doce canto á reclamación da súa propia identidade, da man do Provincialismo, encabezado este polo ideólogo Antolín Faraldo. Ao Sexenio Revolucionario, que se desenvolverá entre 1868-1873, seguiralle a proclamación da I República en 1873. Con todo, a restauración monárquica producirase de novo, en 1875, co rei Alfonso XII.

A literatura galega verase impelida por estes avatares políticos. Os fins propagandísticos guiarán os textos deste momento, como *Un soldado que foi sarxento aos soldados do novo alistamento* (1808), romance anónimo que pretende accirrar os mozos para se levantaren en armas contra as tropas invasoras. Ora, serán os Xogos Florais da Coruña, en 1861, e a publicación dos poemas no chamado *Álbum de la Caridad* (1862), os que marquen o antes e o despois para a nosa literatura. Falamos dunha antoloxía bilingüe con corenta poemas en galego de autores como Vicente Turnes, o ferrolán Alberte Camino, Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal.



Álbum de la Caridad (1862).



Álbum de la Caridad (1862).

Alberte Camino será aquí editado xunto con diversos vates nados por terras de Ferrol, aínda que de calidades ben dispares. Carvalho Calero cóntanos que as composicións máis destacadas deste poeta, "Nai chorosa" e "O desconsolo", son froitos demasiado temperás na nosa lírica: «Non se apoian nunha tradición, senón que máis ben a fundan». A produción de Alberte Camino componse dunha serie de poemas elexíacos e outros sentimentais e folclóricos, erixíndose nun dos maiores expoñentes da literatura deste período.

O ferrolán Bieito Vicetto, partidario do rexionalismo máis progresista, destacará sobre todo pola súa monumental *Historia de Galicia*, coa que contribuíu a erguer o espírito nacional galego.

> "Desta fontiña â beira
> probada sentado â
> sombra dun chorón
> estóu doído o peito,
> a alma esconsolada,
> triste morrendo
> pouco a pouco vou"

Comezo da súa obra *O desconsolo*.

Alberte Camino (1821-1861)
Escritor e poeta ferrolán do Romanticismo.

Fragmento do cuadro "El Dos de Mayo" de Joaquín Sorolla (1884). Episodio heroico al inicio da Guerra de Independencia contra as tropas napoleónicas.

RENACEMENTO PLENO. O "REXURDIMENTO"

FERROL NAS LETRAS GALEGAS

José Fontenla Leal.

Sentados no centro Murguía e Curros. Ano 1904 (Real Academia Galega).



1ª Edición de «Follas Novas». A Habana, ano 1880.

O *Álbum de la Caridad* (1862) e *Cantares gallegos* (1863) de Rosalía de Castro marcarán o rexurdimento da nosa literatura. Curros Enríquez e Eduardo Pondal sumaranse a este proxecto auroral. O vello rexionalismo comeza a reverter os seus postulados cara a unha visión máis progresista, mesmo federalista, como o provincialismo. As necesidades da lingua, do seu adecuado emprego, tamén na escrita, fan pensar en que se precisa dun dicionario e dunha gramática.

O labor emprendido desde a diáspora, nomeadamente cubana, coa constitución na Habana da Asociación iniciadora y protectora de la Academia Gallega, foi determinante. Xosé Fontenla Leal, natural do barrio de Canido, emigrará a Cuba con catorce anos. O apoio solicitado a título persoal a Curros Enríquez, posibilitará asentar as bases da que habería de ser a Real Academia Galega, cuxo primeiro obxectivo se centrará na elaboración dun dicionario e unha gramática da lingua galega. Tamén se emprenderá con el a elaboración dun himno para Galiza, a creación do Centro Galego na capital cubana, así como a "Revista Galicia".



Follas do Grupo Galeguista de Bos Aires — Nº 1

HIMNO GALEGO

¿Qué din os rumorosos
Na costa verdecente,
Ao rayo trasparente
Do prácido luar,
¿Qué din as altas copas
D'escuro arume arpado
Co seu ben compasado
Monótono fungar?

—"Do teu verdor cinguido
E de benignos astros
Confín dos verdes castros
E valeroso chan,
Non dés a esquecemento,
Da injuria o rudo encono;
Desperta do teu sono
Fogar de Breogan.

"Os bós e xenerosos
A nosa voz entenden,
E con arroubo atenden
O noso ronco son,
Mais soo os iñorantes,
E féridos e duros,
Imbéciles e escuros
Non nos entenden, non.

"Os tempos son chegados
Dos bardos das edades
Que as vosas vaguedades
Cumprido fin terán;
Pois donde quer gigante
A nosa voz pregoa
A redenzón da boa
Nazón de Breogan.

Eduardo PONDAL

¡GALICIA MARTIR! ¡GALICIA MARTIR!

Poema "Os Pinos", de Eduardo Pondal, adoptado como himno de Galiza a principios do séc. XX.

> Cantarte hei, Galicia,
> teus dulces cantares,
> que así mo pediron
> na veira do mare.
> Cantarte hei, Galicia,
> na lengua gallega,
> consolo dos males,
> alivio das penas.

Fragmento da obra *Cantares Gallegos*.

Rosalía de Castro (1837-1885)
Poeta.

Edificio do Centro Galego da Habana (Cuba).

DA ÉPOCA DAS IRMANDADES DA FALA Á GUERRA CIVIL



Mitin de «Solidaridad Gallega» en Pontedeume (ca. 1910).



Revista Céltiga.

Este período caracterizarase pola loita agrarista, pois o sistema foral vaise prolongar até alén de 1926, despois do cal o xeneral Primo de Rivera decidirá derrogalo por decreto. A desamortización previa, habida en 1853, só beneficiara os novos propietarios, a nova burguesía comercial, os profesionais liberais e a fidalguía, non o campesiñado. De feito, os sindicatos agrarios, Accción Gallega, fundado polo crego Basilio Álvarez, e Solidaridad Gallega, marcarán esta loita.

Capa da revista «A Nosa Terra» deseñada por Camilo Díaz Baliño e editada polas Irmandades da Fala, nº 213 (1925).



Portada do caderno manuscrito de Donosiña (Xaime Quintanilla) custodiado na Real Academia Galega.

En 1916, en parte consecuencia da loita agrarista, nacerán as Irmandades da Fala na Coruña, cuxo ideario galeguista se inclinará cara ao nacionalismo. Cidades e vilas de Galiza, tamén Ferrol (1917) recollerán o facho desta iniciativa ilusionadora. A través do Coro Toxos e Flores, a partir de 1914, darase impulso a unha dramaturxia nacional, didáctica e popular. Manuel Comellas Coímbra, aínda sendo da xeración anterior, escribe *Pilara* (1918), drama de ambiente mariñeiro con desenlace feliz, e unha clara apoloxía do carácter dos mariñeiros, alén dunha condena do caciquismo. Foi representada no Jofre con moito aplauso. Comellas, xunto con Uxío Charlón e Sánchez Hermida, Emiliano Balás e Xaime Quintanilla serán os creadores do teatro galego desta época en Ferrol.

> Os galegos hanse redimir pol-o traballo e pol-a cultura, porque cando teñamos cultura, deixaremos de ser servos dos señores. E Galicia ten de ser grande pol-o esforzo dos seus fillos que non sexan desleigados. ¡Pol-os gobernos de Madrí...! Vaiche boa...
>
> Fragmento de *Dous amores*
>
> **Lois Amor Soto (1873-1947)**
> Dramaturgo ferrolán

El Cartel del "Sí" (1936). Camilo Díaz Baliño

DA GUERRA CIVIL A 1980

FERROL NAS LETRAS GALEGAS



Ernesto Guerra da Cal nun acto protocolario na Universidade de Columbia.

A sublevación militar do 18 de xullo de 1936 dará lugar á Guerra Civil. O goberno da II República sucumbirá tres anos despois, instaurándose unha ditadura fascista. A represión, os xuízos sumarísimos, os mortos aparecidos nas gabias dos primeiros anos, derivou en encarceramentos, silencio interior e o exilio de moitas persoas. Só a partir da década dos 60 será cando comece a haber profundas transformacións sociais e económicas. Tamén a nova Lei de Prensa de 1966 permitirá un maior relaxamento no aparello da censura.

A literatura no exilio, nomeadamente América, non sufrirá dos inconvenientes da prohibición ou censura que existirán en Galiza. O poeta Ernesto Guerra da Cal (temas como o saudosismo, a sátira e o humor, o neotrobadorismo, a interrogación transcendente, o existencialismo, o amor e o desamor, etc.) e Xosé Rubia Barcia son dous claros expoñentes do exilio.

Carvalho Calero será poeta durante a guerra e na inmediata posguerra, mais esta faceta non a abandonará até o final da súa existencia (poesía existencialista, clasicista, con referencias culturalistas, etc.).

Anjo de terra, de cobarde argila,
que co teu po queres rubir ao ceo.
Entre o verde e o azul fas o teu niño.
Da nube e do piñeiro pendurado,
arrandeando entre o que foge e dura.
Ao teu jugo junguir a Deus tencionas;
Deus traducido à tua língua de area.

Estes tres poetas anteriores pertencen á Xeración do 36, mais o propio don Ricardo continúa a ser un bo expoñente desde 1950 a 1980, entre tanto Tomás Barros (angustia existencial, metafísica, socialrealismo), pertencenterá á Promoción de Enlace, e Xohana Torres (intimismo, simbolismo), á Xeración das Festas Minervais.

A narrativa caleidoscópica, fragmentada, vista desde os máis diversos ángulos está presente en *Scórpio* (1987), novela longa de Ricardo Carvalho Calero, cuxo protagonismo recae en Rafael Martínez Pinheiro, sorte de alter ego do propio autor. O personaxe nunca aparecerá en escena, mais será o elemento motriz en verdade. Don Ricardo, discípulo da narrativa da Xeración Nós, volve recoller así o sementado en relatos anteriores, elaborando unha ficción biográfica. A súa discípula, Xohana Torres, escribiu *Adiós, María* (1971), novela coa que gañou o Premio Galicia do Centro Galego de Bos Aires. Conxuga técnicas narrativas novidosas con outras bastante clásicas, mais dentro do realismo social. Vemos o enfrontamento do mundo rural e urbano a través da experiencia dunha rapaza de tan só quince anos que ve como seus pais teñen que saír para Francia emigrados.



«Un hotel de primeira sobre o rio» (1968) e «Adiós, María» (1971), de Xohana Torres.

A produción teatral ferrolá máis relevante deste momento recaerá de novo en Ricardo Carvalho Calero. Os anos de creación e publicación son bastante diverxentes. Deixou escritas sete pezas dramáticas e nelas fálase sobre os problemas da comunicación humana, a maternidade, o fracaso do amor e da comprensión ou a sátira contra a ambigüidade política. Aínda que onde despuntará de forma especial será no campo do ensaio, ben variado, pois tocará a lingüística e a filoloxía en xeral, a crítica literaria e a historia da literatura (prodixiosa a súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*), a edición de textos, etc.

> Vida e Poesia
> Eis uma antinomia
> que apresenta
> um curioso dilema:
> Aquela é um problema
> que não tem solução
> E esta é uma solução
> que perdeu seu problema

Fragmento da obra *Deus, Tempo, Morte, Amor e outras bagatelas*

Ernesto Guerra da Cal (1911-1994)
Poeta, filólogo e crítico literario



© Calros Silvar 2020, ilustración para o libro "Ferrol, a minha terra", de Edicións Embora

A LITERATURA GALEGA DE 1980 A HOXE

FERROL NAS LETRAS GALEGAS

Se cumpren 50 anos da inauguración do Pazo do Hórreo como sede d Parlamento de Galicia.

A morte do ditador e a Constitución de 1978 deu pé a aprobación do Estatuto de Autonomía para Galiza (1980). A Lei de Normalización Lingüística posterior modificará a situación legal da lingua. Nacerá a RTVG (1984) e novas editoras como Xerais, Sotelo Blanco, Vía Láctea, Laiovento, Edicións do Cumio, Embora, etc. Avatares históricos e sociais diversos balizan esta época: entrada no que actualmente é a Unión Europea e na OTAN, desintegración da URSS e países satélites, afundimento do Prestige, ataque ás Torres Xemelgas, 11 M en Madrid, chegada de Trump ao poder nos EE.UU, destrución de Palestina polo sionismo israelí...

ENSAIO E INVESTIGACIÓN

No eido lingüístico e literario, Ricardo Carvalho Calero continúa a ser neste período



Lisa deitada, de Xesús Constela.

un dos maiores expoñentes. Alumno avantaxado del, Martinho Montero Santalha, é autor, entre outros títulos, de Carvalho Calero e a sua obra (1992), un exhaustivo traballo sobre a vida e obra do de Ferrol Vello. En canto a Francisco Rodríguez, dúas obras maxistrais, A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez, e Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro, brillan no seu currículo como libros referenciais da historia da nosa literatura.

No campo da investigación histórica, Guillerme Llorca e Bernaldo Máiz acrisolan unha sabedoría do máis avastada con respecto á nosa comarca. Historia da prensa ferrolá (1845-1992) (1993), Ferroláns (1996), Referencias periodísticas, históricas e literarias sobre a historia de Ferrol (1995), son algúns dos libros de Llorca. Máiz escribe, entre outras, As embarcacións de pasaxe das rías galegas (1573-2000) (2000), Resistencia, guerrilla e represión. Causas e consellos de guerra. Ferrol (1936-1955) (2003), Historia do instituto "Concepción Arenal" (I) (2007) ou Amada García e os seus arredores (2017).

POESÍA

O Vicente Araguas poeta de Paisaxe de Glasgow (1978) até Ronsel de prata vella (2023) e O primo Basilio volveu a Lisboa (2025) sofre unha acusada evolución en sintonía coa súa madurez. O malogrado Ramiro Fonte, membro do colectivo compostelá Cravo Fondo, poboa a súa lírica cun ton experimental tráxico. Xa en Medos Romero vemos como o tempo é tratado como desexo de recuperación, a muller marcada polo vigor, pola vitalidade, tamén o concepto da perda, o erotismo, e o simbolismo:

Foron secando
as raíces do meu ventre.
nen trevo, nen pulazo,
nen maio que vén.
Nada inzará nel,
e todos os atumes,
atazos, carabelos,
non serven xa.

> Para saber quen son
> detéñome no tempo.
> Deixo que os días sexan raias.
> Deixo que me florezan
> no peito.

Versos de Cando fóramos nevar

Vicente Araguas (1950)
Músico e escritor

Medos Romero, nunha ilustración de Juan J. Veiga

A nova da morte de Franco, que marcaría o inicio da Transición cara a Democracia en España.

A LITERATURA GALEGA DE 1980 A HOXE

FERROL NAS LETRAS GALEGAS

Ricardo Carvalho Calero



A ansia do lóstrego, de Medos Romero.

TEATRO

O teatro do mugardés Lino Braxe é variado. Desde traxedia, monólogo, mímica, a obras para monicreques ou guións radiofónicos. *A actriz* (1993) recrea un monólogo coas interferencias que existen entre vida, arte e teatro, o teatro como vida e a vida como representación teatral. Xa da Promoción dos 90, Xosé Luís Prieto publicará *Monólogo do imbécil*. *Jánsel e Pónsel* en 2003, co que gañará o "Premio Max de Teatro". Ao ano seguinte, 2004, estreará *Fobias* cun verdadeiro éxito de público. Colleitou varios premios María Casares. Da mesma promoción que o anterior, ademais de numerosas pezas infantís de teatro, Paula Carballeira escribe en 2023 *As alumnas*, obra coa que recibe o Premio Nacional de Literatura Dramática. Centrada na biografía de María Barbeito, é unha homenaxe ao Maxisterio dos tempos da República, unha reflexión sobre o pasado, mais sobre todo é unha reflexión acerca da educación e o que esta entraña con respecto ao futuro.

> O Luís inventou o máis sinxelo: como durmir sempre e en calquera lugar. Sen máis, deixábase caer no granito que usaran os señores da Ilustración para construír o Ferrol dos Poderes Navais, deitábase contra as pedras dunha parede ou sobre o chan e durmía ...
>
> Fragmento do relato "O tafetán", incluído no libro *Seis ferroláns*
>
> **Rosa Aneiros (1976)**
> Escritora

Alcacén para gaitas, de Xaquín Marín.

ROSA: Eu non quería ser coma ela. Eu quería ser coma ti.
ELVIRA: Coma min?
ROSA: Que sabías ler sen atrancarte. Que sabías onde quedaba calquera país no mapa. Que preguntabas. Ela dicía que o máis importante era aprender a preguntar. Ti preguntabas sempre.
ELVIRA: Tiñaslle medo?
ROSA: Ao principio. Logo tivenlle medo a todo o demais. A ela non. A ela tivenlle envexa. Porque ela non tiña medo. Ou iso parecía. Aquela maneira de camiñar, Elvira, como se o mundo fose seu tamén. Como se as mulleres tivésemos dereito a camiñar así, sen pedir perdón por ocupar un espazo.

LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Antón Cortizas é autor prolífico. Prima na súa obra o carácter didáctico, a tradición, o humor, a preocupación polo medio ambiente. Ten gañado en varias ocasións o premio O Barco de Vapor (*Memorias dun río*,1988, *O conto dos sete medos*, 1991, e Os gritos das illas Lobeiras, 1997) así como o Premio Merlín A merla de trapo, 2001.

El, grande lector que sempre fora, gardaba a coñecida frase de Rilke: "A infancia é a verdadeira patria do home". Esa gardábaa porén na súa memoria repetitiva, na memoria do eco vital. E nesta mesma memoria estaba tamén a frase similar de Saint-Exupéry, que a expresara cunha pequena mais precisa variación: "A infancia é a verdadeira patria da Humanidade". Bon, non sabía moi ben como foran as palabras exactas [...] el mesmo mudara tamén un pouco a coñecida e fermosa expresión, dándolle a significación que as súas saudades lle foran modelando: "A infancia é a matria feliz de quen vive no pasado para renacer no futuro", dicía agora nun moumeo.

Ánxela Loureiro bebe tamén dese didactismo, fala da condición feminina, da conciencia social, sempre en



Ilustración de Xaquín Marín.

A LITERATURA GALEGA DE 1980 A HOXE

FERROL NAS LETRAS GALEGAS



Xaquín Marín

diálogo co propósito de formar espectadores libres. Antonio Yáñez gañou o Premio Meiga Moira en 2006 con *Lóbez* e o premio Raíña Lupa con *Viaxe a Libunca* (2007). Unha viaxe iniciática no caso do primeiro con resonancias cunqueiranas, e as desventuras dun lobo que non sabe ouvear e é burlado, no caso do segundo, xuntando ironía e paralelismos con Fole ou Xosé Miranda.

NARRATIVA

Xavier Alcalá pertence á xeración de narradores nacidos na posguerra e que se nutren sobre todo do realismo, aínda que probou tamén coas técnicas da chamada Nova Narrativa Galega. *A nosa cinza* (1980) é a novela máis ferrolá, cun rapaz protagonizando a historia, relator de vivencias escolares, amorosas, políticas, sexuais e relixiosas desde a infancia até á adolescencia. No ano 2004 tomará un novo rumbo, publicando o primeiro volume, *Entre fronteiras*, da triloxía "Evanxélica memoria". Destacamos as últimas narrativas de Vicente Araguas, *Xuvia-Neda* (2010) e *O lugar onde vou* (2022). O narrador transfórmase no sabio e acertado observador das cousas pequenas.





Dúas edicións de *A Nosa Cinza*, de Xavier Alcalá.

De maneira que, logo de choiar nun par de bares, chamarlles restaurantes moito me parece, e xa que de pobre non ía saír se continuar neles, marchei para Barcelona, febreiro do corenta e nove, pouco despois de que mataran a Almenas. Matárono ao baixar do tranvía, desde un terreo que hai xunto do Hispano-Argentino. Falouse moito do asunto. Tamén do lugar onde se agacharan esa noite os escapados. [...] Desculpe se baixo a voz ao lembrar esa cousa. En Nebia todos nos coñecemos e eu non quero ofender a ninguén. Total, que xa pasaron ben anos, ¿setenta e un, dime?, pois que ben, e agora vén vostede entrevistarme porque lle dixeron que algo fixera eu coa Briyí esta.

Xesús Constela recibe o premio "Torrente Ballester" con *As humanas proporcións* (2004), e o da "Crítica Española". A súa narrativa estuda a condición humana, o individuo contemporáneo, practicando unha sorte de autopsia que pode rozar o absurdo (*Apoteose das perchas*), falar sobre a obsesión (15.724), xogar co mito e a ciencia antiga (*Shakespeare destilado* e *Libro das alquimias*). Na narrativa de Ramón Loureiro existe un motivo recorrente, reiterativo: a Terra de Escandoi, unha terra soñada, a medio camiño entre o mundo dos vivos e o mundo dos mortos. O primeiro gran éxito de Rosa Aneiros foi *Resistencia* (2003), premio "Arcebispo Juan de San Clemente" de 2004, unha novela que profunda no sentido da liberdade, situándoa, sobre todo, no tempo anterior á Revolução dos Cravos. O estilo da última narrativa de Rosa Aneiros, *Sol de inverno* (2009), *Ás de bolboreta* (2009), *Sibila* (2021) e *A noite das cebolas* (2024) continúa sendo emotivo, sensitivo, ausente de grandilocuencias.

> Irme sempre
> a onde non estou.
> Tempo de habitar
> nos precisos perfís
> do atardecer.
>
> Poema de *O peso da derrota*
> **Medos Romero (1959)**
> Escritora

Ilustración de Leandro Lamas para o libro *Caderno de fame*, Edicións Embora.